

EMPRESA

Curso gratuíto en Asetem-Cca sobre técnicas de venda por internet P5

MELIDE

O Xacobeo cederá por 25 anos o uso das casas da Praza das Coles P10

CULTURA

O IES organiza un festival de teatro con 203 actores de cinco concellos P17

ENTREVISTA



**Rut Gallego,
Sisuka P23**

Cerne

O xornal da Terra de Melide

Nº 110. Marzo 2015. Distribución gratuíta

Inquietude no sector lácteo polo futuro que traerá a fin da cotas

Nin gandeiros, nin sindicatos, nin partidos políticos son capaces de poñerse de acordo sobre as consecuencias que terá o salto ao libre mercado logo de trinta anos coa produción de leite regulada. As incógnitas arredor da evolución dos prezos e a viabilidade das pequenas explotacións planean sobre o novo escenario que se abrirá a partir do día 1 de abril. Cerne analiza todas as claves deste momento transcendental para o agro. P12



Sae a información pública o tramo Arzúa-Melide da A-54



Jose Morado
Urbanity.cc

O proxecto redactado polo Ministerio de Fomento, ao que xa se poden presentar alegacións, ten un orzamento estimado de 138 ,7 millóns de euros. P9

O lobo entra nunha corte do Rañado e mata 16 ovellas



Salváronse vinte anos que lograron pasar para outro cortello a través dun burato pequeno. Os propietarios calculan perdas próximas aos 3.000 euros. P10

ASOCIACIÓN DE EMPRESARIOS TERRA DE MELIDE

25 anos ao teu servizo, 150 socios que fan medrar a comarca

Tfno: 981 50 61 88 - info@asetem.com
Lino Sexto Sánchez, 9 Baixo - 15800 MELIDE (A Coruña)

Editorial

Fin das cotas. E agora que?

O día 1 de abril desaparece o sistema de cotas lácteas que condicionou a produción leiteira en Galicia e no resto de España durante os últimos trinta anos. Desaparecen as cotas e ninguén sabe o que vai pasar a partir de agora. Nin sindicatos, nin partidos políticos, nin profesionais do sector se poñen de acordo sobre a cor que terá o futuro que comeza en quince días.

O que resulta unha realidade tanxible é que moitos gandeiros xa entran perdendo nada máis poñer o pé neste novo escenario liberalizado. Son todos aqueles que investiron grandes cantidades de diñeiro para mercar cota, os que se empeñaron para poderse converter en grandes produtores, os que apostaron por unhas explotacións modernas e competitivas e que agora lle seguirán pagando relixiosamente ao seu banco durante cinco ou dez anos máis por algo que non existe. Unha hipérbole do paradoxo. Un investimento perdido.

Por iso debemos esixir políticas responsables e decisións meditadas para o agro galego, de xeito que non se engada máis incerteza á que xa xera o

propio mercado. Non é de recibo que aínda a día de hoxe non se saiba o que vai pasar coa supertaxa: haberá multas para quen produciu máis da conta? Retiraranse finalmente logo de ameazar con grandes sancións? Canto haberá que pagar por litro producido de



máis? A partir de que porcentaxe de sobreprodución se empezará a multar? Faltan respostas. E mentres agardan, moitos gandeiros, para evitar as sancións que chegarán ou non, mercaron cotas á desesperada e a prezos desorbitados, sendo incluso vítimas nalgúns casos das estafas que se dan cando o río vai revolto. Velaquí outro prexuízo máis para quen ten no leite o seu medio de vida; nada máis e nada menos que 10.000 familias galegas.

Por outra banda está a cuestión dos prezos do leite en orixe. No peor dos casos baixarán aínda máis ao incrementarse a produción. Lei da oferta e da demanda. Será daquela a sentenza de morte para a maioría das explotacións,

cunha viabilidade comprometida dende hai tempo. No mellor dos casos seguirán como ata agora, xa que non se cobre aínda toda a demanda interna e hai posibilidade de exportación. O que non vai cambiar é a volatilidade do mercado nin o control das industrias. Esta-

ríamos pois ante un panorama xa coñecido no que se prolongaría a lenta agonía do sector que contemplamos por des-


graza como espectadores en primeira liña dende hai algúns anos. Non hai máis que botar o pé fóra da porta e ver cantos prados son agora plantacións de eucaliptos e canta xente nova se pon á fronte das explotacións que deixan seus pais por xubilación.

Non abonda só con políticas responsables. É necesario tamén un compromiso real da industria láctea cos produtores. Hai que esixir condutas empresarias situadas na antítese da que acaba de poñer en evidencia a multa de 88 millóns de euros imposta por pactar prezos durante 10 anos. Un xesto irrisorio que seguramente acaben pagando os propios gandeiros. Son demasiadas as fronteas abertas...

Tribuna de opinión

Sen pelos na lingua

Xunta Directiva de ASETEM-CCA



A Secretaría Xeral de Política Lingüística, no seu labor de promoción e defensa do galego, vén de apoiar economicamente á Asociación de Hostalería Melide Móvese para fomentar o uso da lingua propia entre a mocidade que cada fin de semana goza da movida local.

Dita achega económica empregárase para carteis e campañas publicitarias que, baixo o lema "Seduces en galego", venderán as bondades da noite melidense por toda Galicia. Tamén servirá para difundir a ruta de autobuses que puxo en marcha esta asociación recentemente creada e que o Concello de Melide apoiou con 3.000 euros.

Trátase sen dúbida dunha iniciativa acertada. Todos os esforzos son poucos por ancorar o galego entre a poboación máis nova, sobre todo en momentos nos que as estatísticas e os estudos oficiais dan conta dun retroceso no uso da lingua propia entre a xuventude.

O galego débese potenciar en todos os ámbitos. Tamén na prensa escrita, onde a súa presenza é cada vez máis testemuñal. O xornal Cerne é unha das poucas cabeceiras escritas integramente en galego. Así foi dende a súa creación sen ter recibido nunca por iso un só céntimo, no que é unha aposta real pola lingua propia que se mantén ata día de hoxe e que seguirá no futuro.

Nin sequera recibiu apoio económico cando, en momentos de dificultades, o Cerne petou ás portas da Secretaría Xeral de Política Lingüística pasando antes polo Concello de Melide. Nin os dez anos co galego como bandeira, nin os premios por elo recibidos, nin as máis de dúas décadas de compromiso de Asetem co idioma (co pouco frecuente que iso é no ámbito empresarial) foron tidos en conta.

Vese que todos falamos a mesma lingua, pero con diferente capacidade de sedución.

Cerne

Edición dixital en www.asetem.com

Publicación mensual de distribución gratuíta

COORDINACIÓN E REDACCIÓN: Iván G. Blanco

EDICIÓN: Asociación de Empresarios Terra de Melide (ASETEM-CCA)

ENDEREZO: R/ Lino Sexto Sánchez 9, Melide (A Coruña)

Telf. e Fax: 981 506 188 E-mail: info@asetem.com

COLABORACIÓNS: Xavier Pazo, Rafael R. Gaioso, José Núñez

AGRADECIMENTOS: Pilar López, Adolfo Álvarez, Imprenta Meligraf

IMPRESIÓN: Publicaciones Tameiga S.L.

DEPÓSITO LEGAL: OR / 57 / 84

Cerne non se responsabiliza das opinións manifestadas polos seus colaboradores

ÍNDICE

-EDITORIAL.....	2
-EMPRESA.....	3
-MELIDE.....	9
-COMARCA.....	12
-CULTURA E LECER.....	17
-COLABORACIÓNS.....	22
-ENTREVISTA.....	23

Asetem asina convenio con Vilela para facilitar a inspección periódica de instalacións eléctricas

A Asociación de Empresarios Terra de Melide (Asetem-Cca) continúa coa sinatura de convenios con empresas de diferentes sectores para ofrecerlle aos seus 150 asociados a posibilidade de contratar todo tipo de servizos en condicións vantaxosas.

Tras firmar recentemente acordos en materia bancaria e de seguridade, agora fai o propio no eido da electricidade co obxectivo de facilitar as inspeccións periódicas das instalacións de baixa tensión, obrigatorias por lei dende 2003 para establecementos comerciais e industriais.

Neste caso o convenio asinouse cunha empresa da vila asociada a Asetem, Electricidade Vilela, que prestará o servizo a través de ECA, un organismo de control autorizado e acreditado pola ENAC (Entidad Nacional de Acreditación). A inspeccións das instalacións abranguerán tanto os controis como as probas regulamentarias que establece a normativa en vigor e serán realizadas por persoal especialmente cualificado e formado para a supervisión.

Os establecementos interesados en contratar este servizo non teñen máis que poñerse en contacto con Electricidade Vilela. Deberán facelo con tres días de antelación, como mínimo, respecto da data prevista para a execución dos traballos. Tamén en Electricidade Vilela se poderán consultar os prezos, dife-



Iván López (Electricidade Vilela) e Manuel Vázquez (Asetem) durante a sinatura do convenio

rentes segundo a potencia contratada. Para todos os casos, as tarifas inclúen as taxas oficiais de tramitación establecidas pola Xunta de Galicia. En caso de que o titular solicite unha segunda inspección para emendar defectos na instalación, o prezo será un 50% máis barato que o da primeira visita.

Inspección obrigatoria

Dende o ano 2003 rexe en todo o territorio nacional o Regulamento Electrotécnico de Baixa Tensión, onde se recollen de forma detallada todos os aspectos a ter en conta no deseño, montaxe,

posta en marcha e mantemento das instalacións. Entre as obrigas contempladas nesta norma figura a de realizar inspeccións periódicas tanto nas novas instalacións como nas xa existentes antes da entrada en vigor do regulamento. Neste último caso a supervisión non se realizará segundo os novos criterios técnicos, senón de acordo cos que se esixían no seu momento.

As inspeccións deben realizarse cada cinco anos. Faranse cada dez naquelas instalacións comúns dos edificios de vivendas con potencia total instalada superior a 100 Kilovatios.

A quen lle afecta?

Deberán realizar inspeccións periódicas das instalacións eléctricas de baixa tensión os seguintes establecementos, entre outros: industrias, talleres e almacéns con potencia instalada superior a 100 kw, bares, cafeterías, restaurantes, hoteis, hostais, asilos, guarderías, centros de saúde, clínicas (dentais, veterinarias, etc...), bibliotecas, museos, oficinas con presenza de público (bancos, seguros, xestorías, etc...), salas de conferencias, ximnasios, piscinas, pavillóns deportivos, discotecas e garaxes de máis de 24 prazas, teñan ventilación natural ou forzada.

SUBVENCIONS PARA A REMUDA COMERCIAL (DOGA 18, 28/01/2015)

Obxecto: Facilitar a remuda comercial dos comerciantes individuais autónomos que transmitan o seu negocio a un terceiro, asegurando a súa continuidade e fomentando a rexeneración comercial.

Beneficiarios:

.- Comerciantes retalistas que se dediquen ao comercio de xeito habitual en Galicia, que teñan como mínimo 64 anos cumpridos, que exerceran a actividade de forma ininterrompida nos últimos 10 anos, que figuren de alta en autónomos nos últimos 10 anos e acrediten un período de cotización previo que lles permita acceder á pensión de xubilación.

.- As persoas designadas polo solicitante para continuar a actividade comercial, excepto o cónxuxe.

Contía:

.-Transmisores que teñan a idade ordinaria de xubilación: 800 €.

.-Transmisores que non teñan idade de xubilación: 800 € mensuais dende o mes seguinte á resolución de concesión da axuda, ata o último mes en que cumpran a idade de xubilación.

.-Adquirentes do negocio comercial: 2.000 €.

Prazo: Ata o 31 de Agosto de 2015.

- HOGAR
- AUTOMÓVIL
- EMBARCACIONES
- COMERCIOS
- OFICINAS
- PYMES
- CONSTRUCCIÓN
- TRANSPORTES DE MERCANCÍAS
- RESPONSABILIDAD CIVIL
- ACCIDENTES
- VIDA
- SALUD / ENFERMEDAD
- DECESOS / TELEASISTENCIA
- AHORRO / INVERSIÓN / DEPÓSITOS / PENSIONES / RENTAS



Rodrigo Fernández Pombo

Agente de seguros exclusivo

Nº de Reg. Mediador.: COO2636154917K

C/ Ronda de Pontevedra

Nº 113 Bajo - 15800 Melide

Tlf/ Fax: 981506495

Móvil: 678055942

rodrigofernandez@segurosbilbao.com



Joyería Oro Ley



Taller propio

Rúa de San Pedro, 14
15800 MELIDE
(A Coruña)
Tlf: 981 50 54 68

VILLAMOR S.C.

Extractores de gases para cocinas

Cantón de San Roque, 8
MELIDE-15800-A Coruña

Villamor

Tlfs: 981 81 53 30 / 699 152 720
www.extractoresvillamor.es
extractoresvillamor@gmail.com

UNIFERSA

SIC

SUMINISTROS INDUSTRIALES CIRE, S.L.

VENTA Y ALQUILER DE MAQUINARIA Y HERRAMIENTAS

Pol. A Madanela, P. 22
15800 MELIDE (A Coruña)

Tfno.: 981 507 954
Fax: 981 507 113

sicire@sicire.es
www.sicire.es

LIBRERIA PAPELERIA

COUSAS

Avda. da Habana, 29
Tel. e Fax: 981 50 57 75
15800 MELIDE (A Coruña)

CURSO: ALERGIAS E INTOLERANCIAS ALIMENTARIAS EN HOSTELERÍA

FORMACIÓN SOBRE NORMATIVA

Aún no estás adaptado a la nueva normativa?
A QUÉ ESTÁS ESPERANDO?

NUEVA NORMATIVA
UE/1169/2011, entró en vigor el 13 de Diciembre sobre "Alérgenos a intolerancias alimentarias en Restauración"

El reglamento UE 1169/2011 obliga a los establecimientos de hostelería a tener información de los platos que contienen alérgenos para que cualquier consumidor sepa lo que puede y no puede comer en igualdad de condiciones que otro, sin tener que identificarse o pedir un trato especial.

¿Cómo afecta al local de hostelería?

- ✓ **Proveedores:** hay que revisar los productos reelaborados de los proveedores tales como salsas, etc. para comprobar que no contienen estos alérgenos o, si los contienen, informar debidamente al cliente.
- ✓ **Empleados:** tenemos que ser capaces de garantizar unas prácticas de manipulación correctas para evitar los cruces y las situaciones de riesgo. Desde este punto de vista es básica la formación del personal, puesto que nos evitará reclamaciones o situaciones de riesgo.
- ✓ **Locales e instalaciones:** deberán contar con las medidas de prevención adecuadas en las cocinas para garantizar la seguridad alimentaria de cara a los clientes más sensibles, como son los alérgicos.
- ✓ **Consumidores:** deben estar debidamente informados para poder comer en los establecimientos de hostelería en unas condiciones óptimas de seguridad alimentaria.

¿Qué conseguiremos con esta formación?

El alumno será capaz de conocer las principales alergias e intolerancias alimentarias, interpretar correctamente el etiquetado, además de adquirir los conocimientos sobre los controles y buenas prácticas necesarios en restauración para evitar la contaminación cruzada por alérgenos. También será capaz de buscar alternativas para la preparación de los platos de las personas alérgicas o intolerantes.

Al finalizar este curso se les entregará, junto con el diploma acreditativo, un cartel informativo de cara a sus clientes junto con su carta actualizada identificando claramente los alérgenos.

INSCRIPCIONES E INFORMACIÓN:
formacion@plagostel.com | 986 118 714 | www.plagostel.com

Plagostel
Nº 5 (0127-GAL-SPD)
calidad e higiene alimentaria

Asetem organiza un curso gratuíto sobre técnicas de venda online

Na súa preocupación por formar aos profesionais asociados nas novas fórmulas de negocio, a xunta directiva de Asetem-Cca está a poñer en marcha a través da Confederación de Empresarios da Coruña un curso gratuíto sobre técnicas de venda online.

Beneficiarios

Malia que obxectivo fundamental da patronal é achegar novas ferramentas aos profesionais da empresa e do comercio local, o curso estará aberto tamén a toda a veciñanza de Melide e comarca. Hai 15 prazas dispoñibles: 12 para autónomos e traballadores en activo e 3 para persoas en situación de desemprego.

Data e horarios

O curso sobre técnicas de venda online, cunha duración de 45 horas, comezará o 28 de marzo e rematará o 25 de abril. As clases impartiranse todos os sábados de 9:00 a 14:00 horas no salón de actos

da asociación de empresarios.

Inscripción

As persoas interesadas en participar deberán inscribirse antes do día 19 de marzo. Poderán facelo directamente a través da páxina web da Confederación de Empresarios da Coruña (www.cec.es), entrando no apartado de formación. Se o prefiren, poden poñerse en contacto con Asetem a través do número de

teléfono 981 50 61 88 e dende alí facilitaránlles a xestión.

Programa de formación

Ao longo das 45 horas de duración do curso, os asistentes recibirán formación sobre cinco aspectos: web 2.0 e estratexia online, social commerce (uso das redes sociais para a venda), posicionamento en buscadores e analítica web, comercio electrónico e usos do mail corporativo.



Preto de 200 persoas formadas en materia de benestar animal

O pasado 9 de marzo deu comezo nas instalacións da Asociación de Empresarios Terra de Melide (Asetem-Cca) un novo curso de benestar animal. Cando remate a formación dos 15 alumnos inscritos serán en total 187 as persoas que se instruíron na materia ao longo dos últimos catro anos, dende que en 2011 Asetem se converteuse en entidade autorizada pola Xunta de Galicia para impartir este tipo de cursos e expedir os certificados correspondentes.

A formación en benestar animal é un requisito imprescindible para poder traballar en granxas ou dedicarse ao transporte de gando. Os cursos impartidos en Asetem polo veterinario Juan González constan de 30 horas ao longo das que se traballa en dous módulos diferentes: un dirixido para persoal de granxas e outro para transportistas e coidadores. No primeiro módulo fórmase aos alumnos nos requisitos básicos para garantir a seguridade dos animais



nas explotacións gandeiras. O segundo céntrase no manexo e o transporte de animais vivos, abordando o proceso de carga, descarga e condución.

Dende a xunta directiva de Asetem-Cca manifestan a intención de continuar ofrecendo de xeito regular este tipo de formación, xa que “contribúe ao desenvolvemento correcto dunha actividade con grande repercusión económica na comarca”.

COS CINCO SENTIDOS

Consellos para a prevención de riscos laborais

María Botana Rocamonde

Responsable do Servicio de Prevención de Riesgos Laborales da Confederación de Empresarios de A Coruña



1. A xestión do tempo

O tempo, por ser imprescindible e insubstituíble, é un dos recursos máis valiosos do que dispoñemos. A súa xestión é, por tanto, un dos factores directamente relacionado cos riscos psicosociais. Por iso, no ámbito preventivo é un aspecto a considerar e que debe ter a súa debida análise e avaliación en función das distintas realidades empresariais.

Na empresa, a xestión do tempo integra factores de ritmo, urxencia, carga de traballo, autonomía e fatiga. Para harmonizar todos estes factores e conseguir unha xestión eficaz, é fundamental adecuar o volume de traballo a realizar ao tempo necesario para unha correcta execución.

Máis alá das ferramentas específicas de organización na empresa, o uso do tempo depende dunha conxunción de factores vinculados coas actitudes, crenzas e, en xeral, a autoxestión persoal. É por iso que a xestión do tempo é unha das pedras angulares da xestión do estrés.

Unha boa xestión do tempo achegará numerosas vantaxes en todos os aspectos da vida. No entorno laboral, conduce a unha diminución do estrés e da fatiga; a un aforro de tempo e mellora na planificación das actividades; a un mellor seguimento dos resultados e a unha maior confianza nun mesmo/a.

As claves para unha xestión eficaz pasan por planificar e programar. Planificar implica decidir que se vai facer, marcando obxectivos a curto, medio e longo prazo, é dicir, resultados. Programar consiste en decidir cando se vai facer e asignar os recursos necesarios para conseguir os obxectivos.

A planificación achega ademais unha serie de beneficios que permiten anticiparse e reducir o impacto dunha crise, xerar alternativas ante situacións críticas, aforrar recursos e aliviar tensións. Investir en planificación é aforrar en execución. A planificación debe ser meticulosa e por etapas. Así, deben fixarse obxectivos claros, determinarse os grupos destinatarios e as responsabilidades, ademais de establecer os recursos.

A xestión do tempo debe converterse nun principio máis da forma de traballo para conseguir maior produtividade (o que é fundamental na situación actual) y para acadar a paz cun mesmo/a. Programar o tempo é unha actividade que debe acabar sendo diaria e habitual porque, como indicaba Séneca, “non hai vento favorable para o barco que non sabe cara a onde vai”.

...a peza que precisa a súa empresa

**laboral
contable
fiscal
sucesións
tráfico
seguros**

R/ Florentino L. Cuevillas, 2 Baixo
15800 MELIDE A Coruña
Tf: 881 973307 Fax: 881 975314
Info@ccxestion.com
www.ccxestion.com

NOVIDADES FISCAIS E LABORAIS

MÍNIMO EXENTO NA COTIZACIÓN Á SEGURIDADE SOCIAL NA CONTRATACIÓN INDEFINIDA

No caso de contratación indefinida a tempo completo, os 500 primeiros euros da base de cotización por continxencias comúns do traballador quedará exentos de aplicación do tipo de cotización empresarial. Esta contía reducirase no caso de contratación a tempo parcial, na mesma porcentaxe que se reduza a xornada de traballo, sempre que como mínimo a xornada contratada sexa do 50%.

Este beneficio na cotización aplicarase a contratos celebrados con anterioridade ao 31/08/2016, por un período de 24 meses dende a contratación. As empresas que no momento de celebrar este contrato contaran con menos de 10 traballadores terán dereito durante 12 meses máis a un beneficio de cotización, nos mesmos termos que o anterior, por importe de 250 euros (ou a contía proporcionalmente reducida no caso de contratación a tempo parcial).

* Requisitos, entre outros:

a) Non haber extinguido contratos por causas obxectivas ou despedimentos disciplinarios declarados xudicialmente improcedentes nos 6 meses anteriores á contratación.

b) Que o contrato bonificado supoña un incremento tanto do nivel de emprego fixo como do nivel de emprego total da empresa, en relación co promedio diario dos 30 días anteriores á celebración do mesmo.

c) Manter durante 36 meses, dende esta contratación, tanto o nivel de emprego indefinido como o nivel de emprego acadado coa mesma.

Non se aplicará esta bonificación para a traballadores que estiveran contratados na empresa ou grupo de empresa, nos 6 meses anteriores á nova contratación mediante un contrato indefinido. Esta bonificación/redución non afectará á determinación da contía das prestacións económicas ás que puideran ter dereito os traballadores afectados, que se calcularán sobre o importe íntegro da súa base de cotización.

BONIFICACIÓN A TRABALLADORES AUTÓNOMOS POR CONCILIACIÓN DA VIDA PROFESIONAL E FAMILIAR VINCULADA Á CONTRATACIÓN

Os traballadores autónomos terán dereito, por un prazo de ata 12 meses, a unha bonificación do 100% da cota de continxencias comúns (aplicada sobre a base media dos doce últimos meses), nos seguintes casos:

a) Por coidado de fillos menores de 7 anos que teñan ao seu cargo.

b) Por ter a cargo un familiar, por consanguinidade ou afinidade, ata o 2º grado inclusive, en situación de dependencia, debidamente acreditada.

Esta bonificación estará condicionada á contratación de un traballador, a tempo completo ou parcial (con unha xornada mínima do 50%). O contrato deberá manterse durante todo o tempo de goce da bonificación, mínimo 3 meses. Do mesmo xeito, o traballador autónomo deberá manterse en alta na Seguridade Social durante os 6 meses seguintes á finalización do prazo de goce da referida bonificación. Só terán dereito a esta bonificación os traballadores autónomos que non teñan traballadores asalariados na data de inicio de aplicación da bonificación e durante os 12 meses anteriores á mesma, a excepción dos contratos de interinidade celebrados para substitución do autónomo durante descanso por maternidade, paternidade, adopción ou acollemento preadoptivo, risco durante o embarazo ou risco durante a lactación natural, que non afectarán a este cómputo.

NOVIDADES NA PRESTACIÓN DE CESE NA ACTIVIDADE DOS TRABALLADORES AUTÓNOMOS

A protección de Cesa de Actividade dos traballadores autónomos sigue tendo carácter voluntario, se ben, desvincúlase da protección por accidentes de traballo e enfermidades profesionais; co cal se poderá optar por esta cobertura independentemente de ter concertada ou non a protección por accidente de traballo e enfermidades profesionais.

Suavízanse as causas de acceso á prestación de Cese da Actividade. Cabe destacar, entre outras:

.- O acceso á prestación por Cese da Actividade require o peche do establecemento mentres dure a percepción da prestación. Introdúcese como novidade a posibilidade de transmisión a terceiros e, que o autónomo, titular do inmovible no que se ubica o establecemento, poderá realizar sobre o mesmo os actos de disposición ou disfrute que correspondan ao seu dereito, sempre que non supoñan continuidade do autónomo na actividade económica ou profesional finalizada.

.- Redúcense as perdas económicas derivadas do desenvolvemento da actividade para acceder á prestación, que deberán ser nun ano completo, superiores ao 10% dos ingresos obtidos no mesmo período, excluído o primeiro ano de inicio da actividade. (A redacción anterior establecía: perdas dun exercicio completo superiores ao 30% dos ingresos, ou superiores ao 20% en dous anos consecutivos e completos).

.- Execucións xudiciais ou administrativas (antes só execucións xudiciais) tendentes ao cobro das débedas recoñecidas polos órganos executivos, que comporten a lo menos o 30% (antes o 40%) dos ingresos do exercicio económico inmediatamente anterior.

.- Perda de licenza administrativa, sempre que constitúa un requisito para o exercicio da actividade e non veña motivada pola comisión de infraccións penais. (A anterior redacción engadía "incumplimentos contractuais", "faltas administrativas ou delitos imputables ao autónomo solicitante"; polo tanto accederá á prestación nestes últimos casos, cando a licenza sexa requisito para exercer a actividade).

.- Cese involuntario no cargo de Conselleiro ou Administrador da sociedade ou na prestación de servizos á mesma e a sociedade incorrese en perdas nos termos previstos anteriormente ou ben, diminuíse o seu patrimonio neto por debaixo dos 2/3 da cifra de capital social. (Trátase dunha das maiores novidades introducidas, anteriormente este colectivo non estaba cuberto como suxeitos en situación legal de cese da actividade).

.- Amplíase a cobertura da protección aos autónomos que polas circunstancias da súa actividade se asimilan a traballadores economicamente dependentes (TRADE), pero que carecen da calificación legal como tal (ausencia de contrato suscrito e rexistrado como TRADE). Terán acceso á prestación nos mesmos termos que os TRADE.

IRPF. DEDUCCIÓNS ANTICIPADAS.

Engádense unha nova dedución de 1.200 € por ser un ascendente separado legalmente ou sen vínculo matrimonial, con dous fillos sen dereito a percibir anualidades por alimentos e polos que teña dereito á totalidade do mínimo por descendentes.

Amplíase o colectivo de contribuíntes que poden beneficiarse das novas deducións anticipadas a beneficiarios de prestacións e subsidios de desemprego e a pensionistas.

IMPOSTO SOBRE SOCIEDADES

Para os períodos impositivos que se inicien a partir do 1 de Xaneiro de 2015, as entidades parcialmente exentas do imposto de sociedades, que non estean suxeitas a Lei de incentivos ó mecenado, non estarán obrigadas a presentar Imposto de Sociedades nestes casos:

a) Que os seus ingresos totais no superen 50.000 euros anuais.

b) Que os ingresos correspondentes a rendas non exentas no superen 2.000 euros anuais.

c) Que todas as rendas non exentas que obteñan estean sometidas a retención.

SMI PARA O ANO 2015

A súa contía para o exercicio 2015 é: SMI diario, 21'62 €/día; SMI mensual, 648'60 €/mes; SMI anual 9.080'40 €/ano.

ADOPCIÓN DE CANS ABANDONADOS

Axúdalles a atopar
o fogar que merecen



MASTÍN

Recollido en Santalla. Un ano de idade,
40 kg. Moi bo carácter.



CUCO

Mestizo de 8 meses e 6 kg. Cariñoso,
bo carácter coa xente e outros cans.



SARA

Mestiza pequena. Un ano, 8 kg. Divertida,
cariñosa, obediente, dócil e de bo carácter.

Tlf. de contacto: **639 97 10 05**

Visita a páxina de Facebook
“CANS PERDIDOS EN MELIDE”
para obter máis información

**SE LLE QUERES AO TEU CAN,
PONLLE O CHIP,**
farás que poida volver contigo

“Unha voltiña por Melide” traerá ata decembro a máis de 600 visitantes

Regresa “Unha voltiña por Melide”, a campaña posta en marcha o ano pasado por Asetem para traer periodicamente ata a vila ás persoas que se hospedan no Balneario Río Pambre (Palas de Rei) ao abeiro do programa termal do Imsero.

Esta iniciativa, que pretende contribuír á dinamización comercial da vila, retomárase o 14 de abril coa chegada do primeiro grupo de 28 visitantes e repetirase noutras 24 ocasións ata finais do mes de decembro. En total, serán algo máis de 600 as persoas que recalarán en Melide e que gozarán dunha tarde de ocio e compras a través deste programa.

Bus gratis ao balneario

Ao igual que se fixo o ano pasado, Asetem pon ao servizo da veciñanza de Melide o autobús contratado para a campaña, que poderán utilizar de xeito gratuito aquelas persoas que se queiran desprazar ata



Un grupo de visitantes, o ano pasado, a carón da Capela de S. Roque

o balneario. Ademais do transporte gratis, os veciños que acudan ao complexo termal neste autobús poderán gozar de descontos nas tarifas e de ofertas especiais.

Os días que chegarán as visitas a Melide e que, por tanto, se poderá utilizar o autobús de Asetem para desprazarse ao balneario son os seguintes:

abril (14 e 23), maio (7, 14 e 28), xuño (4, 16 e 25), xullo (9, 16 e 23), agosto (6, 18 e 27), setembro (3, 17 e 24), outubro (8, 15 e 27), novembro (5, 19 e 26), decembro (8 e 17).

Nestes días o autobús sairá da capela de San Roque ás 3 da tarde e regresará ás 8 e media. É preciso inscribirse antes nas oficinas de Asetem.

Ángel Curtis impartirá unha charla en Asetem sobre meditación e relaxación

Achegará pautas para buscar o equilibrio entre corpo e mente

O salón de actos de Asetem acollerá o vindeiro 19:00 de marzo unha charla informativa sobre meditación, relaxación e terapias alternativas. Dará comezo ás 20:30 horas e será impartida por Ángel Curtis, sanador e instrutor de meditación.

Ao longo de algo máis dunha hora disertará sobre os beneficios que ten a práctica destas disciplinas e sobre o poder da mente á hora de lograr o benestar físico e psicológico: “é como a nosa farmacia interior, un analxésico natural que inflúe nas defensas do corpo”, explica. Nesa liña achegará pautas básicas para lograr atopar o necesario equilibrio entre corpo, mente e espírito: “todo isto está cu-



berto de moito misticismo, pero é mais sinxelo do que a xente pensa”.

O obxectivo é que os asistentes “leven para a casa unha base mínima e saquen conclusións que poidan poñer en práctica”, explica Ángel Curtis, “buscaremos a maneira de

que a charla non sexa un monólogo para que haxa intercambio de impresións e debate”.

Novo libro

Boa parte dos contidos da charla están tamén recollidos no libro “*Mi vida; el faquirismo y las terapias naturales*”, que Ángel Curtis vén de publicar no mes de xaneiro. Trátase dun traballo no que, ademais de falar de disciplinas alternativas, aborda en clave autobiográfica a realidade e a raíz do faquirismo, ao que leva dedicados máis de 35 anos da súa vida.

Como profesional da materia, comezará en breve a impartir un curso no Concello de Curtis sobre terapias de meditación e relaxación.

Pan e doces de Melide



R/. San Antón, 21 Tfnos.: **981 50 53 82**
15800 **MELIDE** **600 69 38 27**
(A Coruña) **607 11 55 32**

*Especialidade en empanadas
e doces variados*

Panadería **PITA**



Praza das Coles, 5 - Melide

T. 981 507 719

Nº Rexistro Sanitario: 20.30061/C

Producto artesán
ricos, rosquillas, melindres,
mantecadas, madalenas ...

TOQUES

Panadería
Pastelería
Cafetería

*Pollos asados
para llevar.*

Tfno.: **981 50 51 81**

Avda. de Lugo, 31 - 15800 MELIDE (A Coruña)



Confitería Trisquel

Montse Sánchez Varela - Román Varela Varela

Repostería artesanal para todo tipo de celebracions:
vodas, bautizos, comunións.

R/ Novoa Santos, 32 - 15800 MELIDE

Tfno: 981 505 098

Cafetería y Pastelería *Estilo*

Tfno.: 981 505 153

C/. Progreso, 6

15800 MELIDE (A Coruña)

Panadería TAHONA

Especialidad en:

Empanadas - Tartas - Ricos - Melindres

"PRODUCTOS TIPICOS DE MELIDE"

Avda. de la Habana, 7 - Telf.: 981 505 127

MELIDE (A Coruña)



Fomento fai público o trazado que terá a autovía ao seu paso por Melide

O Ministerio de Fomento xa ten proxecto para o tramo Arzúa-Melide da A-54. Terá unha lonxitude de 16,4 quilómetros e un orzamento estimado de 138,7 millóns de euros. Saíu a información pública o pasado 26 de febreiro e coa súa publicación no Boletín Oficial do Estado abriuse tamén o prazo para a presentación de alegacións.

A proposta de trazado elaborada por Fomento contempla catro enlaces: Arzúa Oeste, que conectará coa N-547; Arzúa Sur, que habilitará unha conexión coa estrada autonómica que vai a Vila de Cruces; Santiso, que enlazará coa vía que vai a Visantón; e Melide Sur, que unirá a vía de alta capacidade coa AC-840 (Betanzos - Agolada) a uns dous quilómetros do casco urbano.

Ademais, o proxecto prevé a construción de 28 estruturas: 8 viadutos (sobre o regato Ladrón, río Brandeso, río Iso, rego Fontesagrada, rego Ca-



As obras xa están moi avanzadas nos tramos entre Palas e Lugo

bazás, río Boente, rego Valverde e río Catasol), 11 pasos superiores, 7 pasos inferiores e 2 pasos para fauna.

A Autovía A-54 entre Santiago e Lugo conta na actualidade con cinco tramos en execución, algún dos cales podería ser inaugurado este mesmo ano. O que comunicará Arzúa con Melide é un dos que acumula maior atraso, pois a mo-

bilización social forzou que se modificase o trazado inicial para chegar a autovía a Melide. Queda aínda pendente un dos tramos máis complexos, o que unirá esta vila con Palas de Rei atravesando a Serra do Careón, un espazo natural protexido. A última noticia sobre este tramo é de decembro de 2012, cando foi encargada a redacción do proxecto.

Demandan un maior coidado das instalacións municipais



Unha lámpada caeu subitamente do teito do Pazo de Congressos

O BNG de Melide insta ao goberno local a dedicar máis recursos económicos para o mantemento das instalacións municipais. A petición prodúcese despois de que o pasado 25 de febreiro un foco do Pazo de Congressos caese subitamente ao chan. O suceso produciuse sobre as 22:30 horas, cando xa había pouca xente dentro do recinto. Non obstante, os nacionalistas alertan de que “se isto chega a suceder pola tarde cando hai numerosos nenos e nenas xogando no parque infantil, podería ter ocorrido calquera desgraza”. Denuncian que “os recortes conlevan perigo para as persoas” e reprochanlle ao executivo municipal o estado “lamentable” de moitas infraestruturas, algo que tamén achacan “á pésima xestión da área de obras”.

Solicitan unha axuda para amañar o teito da Alhóndiga



A cuberta está chea de furados provocados por unha sarabiada

O Concello de Melide está á espera de que a Consellería de Economía e Industria lle conceda unha subvención para cambiar por completo a cuberta da rúa Alhóndiga. A estrutura, feita de metalcrilato, ten aínda os buratos que provocou unha forte sarabiada hai máis dunha década e que levou a declarar a comarca zona catastrófica. “Era unha obra que tiñamos en mente dende hai tempo, pero o primeiro que tocou foi salvar as arcas municipais”, explicou a alcaldesa, Ánxeles Vázquez, “agora que están salvas podemos facer outro tipo de obras e esta vai ser inminente”.

O Concello tamén lle solicitou á Consellería de Presidencia a cesión dun vehículo todoterreo para a brigada antiincendios.

San Antón terá lousado de granito e fachadas libres de tendido eléctrico

O Concello de Melide acaba de iniciar os trámites para adxudicar as obras de arranxo de parte da Rúa San Antón. O proxecto para o tramo que se vai amañar, o comprendido entre o albergue público e a parte traseira do Concello, xa está redactado. Unha vez que se execute deixará a rúa cun aspecto substancialmente distinto ao actual.

A principal novidade é que a vía cambiará o actual pavimento de formigón impreso polo granito azul. Nas marxes das edificacións, e a xeito de beirarrúa, colocaranse lousas. No centro levará adoquíns. A superficie total de actuación será de 750 metros cadrados.

Por outra banda, desaparecerá todo o cableado de subministro eléctrico e servizos de telecomunicacións que foi grampado ás fachadas das casas. O proxecto contempla o seu soterramento, unha medida que segundo o goberno



As fochancas da rúa son cada vez máis grandes e numerosas

local contribuirá “a poñer en valor a calidade ambiental do trazado urbano e a arquitectura tradicional desta rúa”. En canto ao saneamento, acometerase a separación de augas fecais e pluviais. O importe da licitación é de 126.329 euros.

O estado da rúa San Antón segue deteriorándose día tras día. O goberno local achaca

esta situación “aos múltiples enganches realizados sen cumprir a normativa, ao tráfico rodado pesado e ás construcións realizadas en diferentes edificios”. A pesar de recoñecer que a vía “leva anos nun pésimo estado”, foi a forte presión veciñal a que o levou a tomar cartas no asunto.

O lobo entra nunha corte do Rañado e mata 13 ovellas máis 3 anos

“Tiña que ser grande coma un becerro para facer o que fixo”. Álvaro Ramos, veciño de Melide, aínda no se explica moi ben como o lobo foi capaz de entrar na corte e acabar con boa parte do seu rabaño.

Sucedeu no lugar do Rañado (parroquia de Santa María) amañecendo ao domingo 8 de marzo. “Cando lles fomos abrir pola mañá vimos o panorama”, explica Rosa Seoane, a sogra de Álvaro. O resultado: 16 animais mortos (13 ovellas e 3 anos). “A unha comeulle un pouco as costelas pero despois o que fixo foi matar, matar e nada máis... atacoulles a todas ao pescozo e á cabeza”, o que é un claro indicio de que foi o lobo o que acabou cos animais e non un can salvaxe ou outra alimaña, segundo confirmaron posteriormente os técnicos da Consellería de Medio

Ambiente que se desprazaron ata o lugar para dar parte do sucedido.

O propietario do rabaño calcula que as perdas ocasionadas polo ataque do lobo se poden achegar aos 3.000 euros: “eran ovellas de boa clase, moitas estaban preñadas e outras acababan de parir”, asegura. Só quedaron oito con vida. Mellor sorte correron os anos; salváronse vinte, dos que seis están malferidos. “Años poucos matou porque hai un buratiño pequeno para pasar para outro cortello e metéronse nel”, di Rosa, “alí o lobo non daba entrado”.

A familia ten ovellas “dende hai moitos anos” e esta foi a primeira vez que lles sucedeu algo semellante. “Foi mellor que as roubaran ca ver esta matanza”, lamentáanse. A corte na que gardan os animais dá a un monte de casti-



Rosa Seoane a carón da súa casa, no Rañado, contempla as ovellas que lle matou o lobo

ñeiros pola parte traseira, pero atópase a escasos 50 metros das casas e ao pé da estrada N-547 que comunica Santiago e Lugo, algo que para Rosa Seoane non é garantía ningunha de seguridade: “xa nos roubaron un camión Nissan precioso no mesmo sitio e non nos decatamos de nada”.

Tampouco nesta ocasión pensaron que o lobo andaba

coas ovellas a pesar de que os cans da casa deron aviso: “miña filla estivo planchando esa noite ata as tres da mañá e sentiunos ladrar. Matábanse todos, pero non lle deu importancia porque cando ven un gato fan igual”, relata, “foi unha pena que non ceibáramos unha cadela pequena que temos, que é pequena pero malísima”.

Agora os cans converteíranse na principal protección das ovellas ante o temor de que o lobo intente atacar de novo: “o mastín que tiña diante da casa xa o levei para a beira da corte e vai durmir alí”, relata Álvaro, que xa se puxo tamén mans á obra para reforzar o peche perimetral do establo, construído con madeira e uralita.

A folga contra o Decreto 3+2 deixa baleiras as aulas do IES de Melide

O alumnado do IES de Melide saíu á rúa por segunda vez en menos de medio ano para esixir “unha educación pública e de calidade”.

Se no mes de outubro as súas protestas tiñan por obxecto esixir a retirada da nova lei de educación, coñecida como Lei Wert, desta volta o branco das críticas foi o Decreto 3+2 aprobado polo goberno central, que lle permite ás universidades reducir as carreiras de catro a tres anos e incrementar a duración dos másteres de un ano a dous. “A matrícula da carreira pode chegar aos 900 euros e o ano de máster sobe dos 1.200”, explica Alberto Mejuto, representante do alumnado no consello escolar do IES, “isto é a mostra de que o PP aplica políticas que favorecen a unha minoría; a clase rica”.

As protestas realizáronse no marco da folga convocada polo Sindicato de Estudiantes



Cabeceira da protesta ao seu paso polo parque Rosalía de Castro

en toda España para os días 25 e 26 de febreiro. No IES de Melide o seguimento foi do 90% o primeiro día e do 98% o segundo, de acordo cos datos ofrecidos pola dirección do centro. Non obstante, foron moitos menos, apenas unha vintena, os que se botaron á rúa para defender as súas reivindicacións tras unha pan-

carta na que se podía ler “erguémonos polo ensino público galego”. A Garda Civil impediu que a marcha se realizase afectando ao tráfico rodado, polo que se desenvolveu, sen incidentes, polas beirarrúas da vila e con parada diante do Concello. Os manifestantes tamén reclamaron unha maior presenza do galego no ensino.

Cédenlle ao Concello por 25 anos o uso das casas das Coles



O Xacobeo reforzou a estrutura das vivendas no ano 2012

A Sociedade Anónima de Xestión do Xacobeo cederalle ao Concello de Melide o uso das vivendas que ten en propiedade na Praza das Coles por un período de tempo de 25 anos. Foi o acordo ao que chegaron o xerente da entidade, Rafael Sánchez Bargiela, e a alcaldesa, Ánxeles Vázquez, tralo encontro que mantiveron na vila a finais do mes de febreiro.

A rexedora melidá adquiriu o compromiso de destinar o edificio a actividades relacionadas cos peregrinos. Parte do espazo podería destinarse para a acollida de camiñantes e o restante quedaría para exposicións relacionadas coa ruta xacobeá. Cabe incluso a posibilidade de que se instale un museo.

José Antonio Prado será o candidato do PSdG-PSOE á alcaldía de Melide

José Antonio Prado García foi elixido polos militantes da agrupación socialista de Melide para encabezar a lista coa que o PSOE local concorrerá ás eleccións municipais do 24 de maio.

O actual secretario xeral da agrupación colle así o relevo de Manolo Prado, que abandona a política activa tras 12 anos formando parte da corporación melidense, catro deles como tenente alcalde do bipartito BNG-PSOE que gobernou Melide entre 2007 e 2011.

O novo candidato dos socialistas á alcaldía asegura asumir “con ilusión” a tarefa “de presentar xunto cos meus compañeiros e compañeiras unha opción de progreso e de futuro para Melide, convertendo o Concello nun factor fundamental de apoio e catalización da capacidade de emprendemento dos melidenses”.

No intento por acceder ao goberno local, Prado estará acompañado por un rostro co-



José Antonio Prado, candidato do PSOE á alcaldía de Melide

ñecido do socialismo melidense; a avogada María Jesús Iglesias, que xa foi concelleira na lexislatura 2003-2007 e que ocupará o posto número 2 da candidatura.

José Antonio Prado, funcionario da Administración Xeral do Estado, é graduado en ciencias criminolóxicas e da seguridade pública pola Universidade de Santiago de Compos-

tela. Actualmente é secretario xeral da agrupación socialista local, da que tamén foi nunha etapa anterior secretario de organización. Entre 2007 e 2009 desempeñou o posto de secretario xeral comarcal nos concellos do interior da provincia e dende abril de 2009 a marzo de 2012 formou parte da Comisión Executiva Galega do PSdG-PSOE.

Os cursos de informática copan o interese veciñal



O alumnado atende ás explicacións o primeiro día de clase

“É raro que se organice algo e que non haxa demanda”. A concelleira de servizos sociais, Chus López Mourón, amósase máis que satisfeita coa aceptación que están a ter as actividades programadas polo seu departamento para o primeiro semestre do ano. Entre elas destaca unha, a informática, “a máis demandada” e a que tivo que agardar a que remataran os obradoiros de emprego de xardinería e atención sociosanitaria para comezar. Voaron as 30 prazas dispoñibles para este curso gratuíto que durará ata o mes de maio con ensinanzas separadas de iniciación e perfeccionamento. Á informática acompañana dúas actividades novas: cociña light e cociña sen glute. Continúan ademais os bailes de salón e as manualidades centradas na reciclaxe.

FOTO-DENUNCIA

De volta e media



Que pasaría se os participantes da campaña de Asetem “Unha voltiña por Melide” tivesen tempo para dar unha volta enteira e saísen dos circuitos tradicionais de paseo e turismo? Pois que atoparían unha vila pouco bonita onde os espazos urbanos sen construír son utilizados polos seus veciños como vertedoiros nos que tirar cascallos, pneumáticos, botellas, plásticos e incluso obxectos sospeitosos. Coidemos o noso entorno. Non vaia ser que quen nos visite, despois de dar unha voltiña, nos poña de volta e media...

Igualdade de xénero

O día 13 de marzo recalarán en Melide as actividades da campaña iniciada pola Deputación en prol da igualdade de xénero e contra a violencia machista. Será no pavillón do IES entre as 9:45 e as 14:15 horas. Baixo o lema “No amor non todo vale”, os nenos e nenas, pero tamén a mocidade, poderán participar dalgunhas das actividades lúdico-educativas que forman parte deste programa: photocalls, monólogos, actuacións musicais, sesións de defensa persoal. Todas elas van enfocadas a fomentar a igualdade de sexos. A campaña realizarase en nove concellos galegos.

Emprego e tecnoloxía

O Concello de Melide vén de solicitarlle á Consellería de Traballo un novo obradoiro de emprego co obxectivo de dixitalizar o arquivo histórico da administración local a través da formación de xóvenes en novas tecnoloxías, documentación e arquivo. Baixo a denominación “Melide dixital”, terá unha duración de seis meses e contará con 20 prazas. Os mozos e mozas interesados en participar teñen que estar inscritos na plataforma virtual “Ficheiro do sistema Nacional de Garantía Xuvenil”, unha aplicación do Ministerio de Emprego. Para máis información, poden poñerse en contacto coa orientadora laboral do concello.

Masas da parcelaria

O BNG considera “un suicidio” o uso que lle quere dar o goberno local ás masas comúns da primeira parcelaria que se completou no Concello, a de Maceda-Orois. Aos nacionalistas non lles convencen algunhas das ideas que saíron á luz, como un campo da festa, aparcadoiros para maquinaria pesada, áreas recreativas ou puntos limpos. O candidato do BNG á alcaldía, Xosé Igrexas, asegura que “o ideal era destinalas ao Banco de Terras” ou que o Concello crease o seu propio programa de aluguer de terras “para que cumpran a súa función e non botarlles chapapote ou cemento, que non contribúe a crear riqueza”.

Asesores xurídicos

O executivo municipal aprobou en xunta de goberno contratar servizos de asesoría xurídica e asistencia letrada para os anos 2015 e 2016 por un custo total de 80.000 euros. Faise eco disto o PSOE, que non ve con bos ollos a xestión económica da alcaldesa: “O PP de Melide non atende a gastos urxentes para a cidadanía pero contrata un servizo xurídico a tres meses dunhas eleccións”, critica José Antonio Prado, candidato dos socialistas á alcaldía. Ao seu xuízo “hai servizos realmente precarios que requirirían actuacións, como a dotación da Policía Local, vertidos fecais, pistas intransitables ou mala cobertura de emerxencias sociais”.

UN NOVO ESCENARIO PARA OS GANDEIROS

A supresión da cota láctea abre un período de incerteza para centos de gandeiros da comarca

O próximo 1 de abril desaparecerán definitivamente as cotas lácteas. A partir dese día, as 10.000 explotacións que producen leite en Galicia poderán facelo sen ningún tipo de limitación. A medida, aprobada en 2008 como parte da reforma da Política Agraria Común, supón na práctica a total liberalización do mercado lácteo europeo e a entrada en vigor dunhas novas regras de xogo.

Logo de 30 anos baixo o control de Bruxelas, ábrese para os gandeiros un novo escenario cargado de interrogantes, sobre todo no que se refire á evolución que terán os prezos da materia prima en orixe. A incerteza é máxima en Galicia, de onde sae o 40% dos 6,5 millóns de toneladas de leite que se producen ao ano en España. Tamén na comarca da Terra de Melide, na que o sector gandeiro dá de comer a centos de familias.

Dende a Cooperativa Melisanto, que produce cada mes



Os propietarios de pequenas explotacións temen unha nova baixada nos prezos do leite en orixe

2,5 millóns de litros de leite procedentes de 150 granxas dos concellos de Melide, Toques e Santiso, afrontan o futuro con optimismo aínda

que ven necesario realizar un cambio de mentalidade: “de nada vale lamentarse; se non te adaptas aos cambios, fracasas”, sinala o xerente da enti-

dade, José López, quen cre que a partir de agora a problemática non vai estar tanto nos prezos senón en “asegurar a venda da nosa produción”.

Un enfoque diferente

López destaca a transformación “espectacular” que experimentaron as explotacións leiteiras nos últimos 20 anos e non ten dúbida de que, na comarca, “a maioría van ser competitivas en canto a custos de produción”.

Nesa liña, considera que a subsistencia no mercado libre será unha cuestión “de eficiencia á hora de producir, non de volume”. Con todo, cre necesario facer un esforzo no terreo da comercialización e apostar por produtos de valor engadido como os iogures, o queixo ou a manteiga: “os gandeiros investiron moito nas granxas e nada na comercialización. Aí é onde temos que facer un esforzo grande”, explica, “dende Melisanto xa traballamos con este suposto dende hai tempo e por iso mercamos a planta de Clesa, á que estamos enviando arredor de 700.000 litros de leite ao mes para produtos de valor



Para Xabier Gómez Santiso, coordinador dos sectores gandeiros do Sindicato Labrego Galego (SLG), a eliminación do sistema de cotas “vai ter moitas consecuencias e case ningunha boa”. Asegura que a desregulación do mercado será “devastadora para o último eslabón da cadea, os produtores” e critica “que se deixe en mans da industria” as explotacións que van ter futuro e as que non: “a partir do 1 de abril poden dicir que non che recollen o leite simplemente porque prefiren comprarllo a outro que está máis cerca ca ti ou que ten o camiño mellor asfaltado”, explica.

Ao seu xuízo, a partir de agora

Vaise aplicar a lei do máis forte e sairán beneficiados os grandes poderes económicos

aplicarase “a lei do máis forte” e sairán beneficiados os grandes poderes económicos: “ímoslle impoñer 10.000 produtores os prezos a 6 ou 7 distribuidores? A resposta é non”, di con contundencia. Máis graficamente, explica a súa postura do seguinte xeito: “se xogo un partido de fútbol sen regras e peso 50 quilos máis ca ti, aos 15 minutos xa estás sen as dúas pernas”.

Por outra banda, e ao fío das sancións impostas á industria láctea por pactar prezos, Gómez Santiso denuncia que hai “unha clara irresponsabilidade e un mirar para outro lado” por parte da Xunta: “iso é un lavado de cara; o que deberían é tomar medidas para que non siga pasando o mesmo”.



O secretario xeral de Xóvenes Agricultores (Asaja Galicia), Francisco Bello, celebra a chegada do novo escenario, pois considera que as cotas foron “tremendamente nefastas” para os gandeiros galegos: “a cantidade asignada a Galicia en 1986 foi inxusta e insuficiente; houbo que facer unha forte reconversión e miles de produtores quedaron no camiño”.

Cualifica como “un alivio” a supresión das cotas pero recoñece que se abre un período “de incerteza” e sinala que a partir de agora o importante será ter asegurada a venda do produto: “todos teremos que sufrir durante un tempo ata que isto

O SECTOR OPINA

Estamos á altura dos mellores para competir e temos marxe para a expansión

se aclare”. Non obstante, amósase optimista de cara ao futuro: “Hoxe estamos á altura dos mellores para competir”, di, “os 10.000 gandeiros que quedan son profesionais e se tivesen algo máis de terra estarían entre os máis competitivos; non lle temos medo a ninguén”.

Bello está convencido de que o futuro pasa pola exportación e, nesa liña, recorda que aínda a día de hoxe a produción de leite en España só cobre o 70% do mercado nacional: “temos moita marxe de expansión e todo dependerá da evolución dos mercados mundiais e da saída que teña o leite europeo, especialmente cara a China”.

UN NOVO ESCENARIO PARA OS GANDEIROS

engadido”.

Nesa estratexia coincide o sindicato Unións Agrarias, quen se lamenta das eivas que ten o sector no plano industrial: “en leite líquido envasado estamos cubertos pero en queixo e leite en po non temos capacidade para producir”, explica Javier Iglesias, coordinador do sector do leite, “o que pase dependerá en boa medida das estratexias empresariais que adopten a industria e as cooperativas”.

As posturas sobre dos principais sindicatos gandeiros de Galicia sobre a supresión das cotas son diverxentes. Se para o Sindicato Labrego Galego (SLG) a desregulación do mercado será “devastadora” para os produtores e deixará as explotacións “en mans da industria”, para Jóvenes Agricultores brindará a oportunidade de incrementar a produción e abrir novos mercados aos que poder exportar.

Na Xunta de Galicia ven “todo vantaxes” na supresión das cotas e falan dun “mundo de oportunidades” trala liberalización tendo en conta que ata agora a produción nacional de leite só representaba o 70% do total consumido en España.



JOSÉ VÁZQUEZ, GANDEIRO DE MELIDE

“Quitamos créditos para mercar cota e agora que a pagamos e pensamos que tiñamos un patrimonio, desaparece”

“Isto é coma un desafiuzamento: pagaches case todo o piso e despois resulta que cho quitan e quedaches sen ese diñeiro; fixeches un investimento que agora non vale para nada”. Así ve José Vázquez, gandeiro de 49 anos da parroquia melidense do Meire, a supresión das cotas do leite. Aínda recorda os tempos nos que servían de aval nos bancos e aseguraban unha xubilación máis desafogada.

Todo iso cambiará a partir do 1 de abril. José sabe que a fin das cotas traerá tamén cambios para a explotación na que traballa xunto coa súa muller e na que moxen 22 vacas para producir arredor de 400 litros de leite ao día. “O que vai pasar non sei, pero aos pequenos produtores vains afectar moito”, augura, “en xaneiro cobre o leite a 47 pesetas cando hai 30 anos xa o teñen cobrado meus sogros a 50. E con estes prezos agora que veña o mercado libre e que se poña máis barato, a ver que facemos... xa é sabido que a abundancia fai a barateza e a industria diranos que se non queremos dalo ao prezo que eles poñen, teñen dabondo noutro sitio”.

José, que comparte historia con tantos e tantos gandeiros galegos que pelexan por manter con vida as súas explotacións, teme que a desaparición das cotas sexa a sentenza de morte para os pequenos produtores: “hai que loitar, pero non che dan ánimo, todo son dificultades. Que chegue o final de mes e que vexas 100 euros libres despois de traballar 12 horas cada día... a onde vamos? Nós imos trampeando porque temos vacas de carne, pero a día de hoxe o leite non dá para cubrir custos”. E con este panorama, reflexiona e pregunta: “como a xente nova vai quedar nisto se non ve saída? Unha explotación non se monta con catro pesos; hai que facer un investimento e despois... como a amortizas tal e como está a cousa?”

O SECTOR OPINA



O futuro dependerá das estratexias empresariais que adopten a industria e as cooperativas

Dende Unións Agrarias (UAA), Javier Iglesias, coordinador do sector do leite, explica que “con todos os seus déficits, as cotas axudaron a manter prezos razoables durante moito tempo”. Cre que agora “a incerteza vai ser moi importante no sector” pero ao mesmo tempo di que “dentro dese problema tamén se abren grandes oportunidades xa que en España un terzo do que consumimos temos que mercalo fóra porque non o damos producido”.

Para Iglesias o principal problema para Galicia radica en que o sector industrial é moi feble e ten moi pouca capacidade de produción: “o sector produtor evolu-

cionou de forma espectacular nos últimos 20 anos pero non sucedeu o mesmo co sector industrial. Aí temos un déficit importante”, asegura, “en leite líquido envasado estamos cubertos pero en queixo e leite en po non temos capacidade para producir”. É por iso que cre que o que pase no futuro dependerá en boa medida “das estratexias empresariais que adopten a industria e as cooperativas”.

En relación á evolución dos prezos, UAA opina que “a maior desregulación, maior volatilidade”. Iglesias vaticina que “haberá picos de bonanza e, con toda seguridade, picos moi complicados”.



Un mundo de oportunidades tanto no plano produtor como no transformador

Para a administración autonómica a supresión das cotas é unha boa noticia “que debe ser contemplada como unha oportunidade tanto no plano produtor como no transformador”. Así o manifestou recentemente a Conselleira do Medio Rural e do Mar, Rosa Quintana, durante a súa visita á Feira de Maquinaria, Agricultura e Gandería de Silleda, onde insistiu en que ve “todo vantaxes” na liberalización do mercado.

Quintana asegura que os gandeiros galegos están “moi preparados” para competir no mercado global a confía en que “a busca dun valor engadido nos derivados lácteos incrementará a demanda dunha materia

prima de incuestionable calidade”. Por outra banda, a conselleira destacou que a demanda interna do mercado español superaba ata agora á produción e que era preciso importar doutros países. Referiuse ademais ao incremento da demanda de leite en América e Asia e, nesa liña, reiterou que se avencían posibilidades positivas: “eu só vexo un mundo de oportunidades”, dixo.

Quintana salientou o incremento dun 5% nas exportacións durante o último ano e fixo tamén referencia á necesidade de “dar o salto á internacionalización” mediante “accións das administracións e avances tecnolóxicos aplicados ás explotacións”.

X Campionato de pesca da Terra de Melide

A Asociación de troiteiros Río Furelos abre o prazo de inscrición para o X Campionato de Pesca da Terra de Melide. As persoas interesadas en participar poden anotarse ata o día 6 de abril ás 14:00 horas. A inscrición, con xantar incluído en casa Chiquitín, ten un prezo de 20 euros. O sorteo realizarase o día 8 de abril ás 20:30 horas no Bar Cire e o campionato será o día 22. Para máis información, pode contactarse co número de teléfono 696 607 348 ou escribir á seguinte dirección de correo electrónico: asociaciontroiteiros@gmail.com

O campionato realizarase cumprindo a normativa de pesca



da Xunta de Galicia e na modalidade de pesca artificial, con cota de captura 10 pezas e 19 centímetros de medida.

Tenis: torneo de dobres masculino en Toques

Martín Conde e Iván Rouco proclamáronse campións en categoría dobres masculina do Torneo de Tenis de Toques que se disputou os pasados días 21 e 22 de febreiro no pavillón polideportivo de Souto. Os campións impuxéronse na final por 3-6 e 5-7 á parella formada por Javi Penas e Christian Brañas. O camiño cara á vitoria non foi doado, pois nin os campións nin os subcampións foron primeiros dos seus grupos nas fases preliminares, o que dá conta da grande igualdade que houbo no torneo.

Dende a organización destacan e agradecen “o interese e alto índice de implicación” das 22 parellas participantes, que mesmo axudaron recollendo e proporcionando bólas mentres non xogaban. Felicitan tamén “a todos os tenistas amateurs polo gran nivel amosado, facendo que o torneo fose entretido e espectacular”.



Proximamente será a quenda das mulleres, que teñen ata o 13 de marzo para anotarse no torneo de dobres. Celebrarase o 21 de marzo. Tamén os máis cativos teñen a posibilidade de inscribirse nun campionato específico para eles.

Xornadas de formación sobre diversidade

O IES de Melide organizou e acolleu por cuarto ano consecutivo as Xornadas de Formación sobre Atención á Diversidade. A iniciativa ten por obxectivo achegarlle á comunidade educativa, e de xeito especial ao persoal docente, ferramentas e solucións para situacións que xorden a diario nas aulas, onde convive alumnado con diferentes capacidades e necesidades.

As xornadas son por tanto un foro de debate e intercambio de experiencias no que ao longo de tres días do presente mes de marzo se abordaron todas as etapas educativas e no que participan os centros de ensino primario e secundario da comarca. Este ano algunhas das cuestións tratadas foron os materiais web, o aspecto emocional no proceso de aprendizaxe ou as innovacións metodolóxicas para aten-



der a diversidade. Como novidade, falouse do poder integrador do teatro. E foi precisamente unha obra representada pola compañía Metátese, de Palas de Rei, a que puxo fin ás xornadas.

OS CONCELLOS DEDICARÁN A OBRAS O 78% DAS ASIGNACIÓNS DO POS 2015

Os catro concellos da Terra de Melide recibirán en breve o importe que lle corresponde a cada un polo Plan de Obras e Servizos (POS) da Deputación da Coruña, que foi aprobado a finais do mes de febreiro cunha dotación de 24,2 millóns de euros. Son os propios municipios os que deciden a que dedicarán os cartos, xa sexa a obras, a gasto corrente ou a amortización de débeda. Para estes últimos dous supostos só se pode destinar como máximo o 40% do total recibido. Segundo informa a Deputación, nos concellos da comarca o 78% do importe do plan destinarase á realización de traballos. Dos 93 municipios da provincia, 26 empregarán todo para obras. Entre eles está o de Santiso.

SANTISO

Obras.....	192.632 €	(100%)
Gasto corrente.....	0 €	(0%)

SOBRADO

Obras.....	135.269 €	(60%)
Gasto corrente.....	90.177 €	(40%)

TOQUES

Obras.....	150.000 €	(88%)
Gasto corrente.....	21.230 €	(12%)

MELIDE

Obras.....	220.00 €	(66%)
Gasto corrente.....	113.956 €	(34%)

As obras que teñen previsto acometer cada un dos concellos son as que seguen a continuación:

- **Santiso:** camiño Saá-Pezobre e outros, pontón sobre o regato de Puñín en Balocás, camiño San Román-Vilar do Monte.
- **Sobrado:** aglomerado de camiños en Folgoso, Grixalba e A Ciadella; asfaltado de camiños en Grixalba, Porta e Cumbras.
- **Toques:** acceso en Souto cara a Mangoeiro, acondicionamento de espazo público en Vilouriz, camiño de Pazos (Oleiros), camiño Cruce do Couso a Vilouriz, camiño de Vilouriz-Arnade, camiño de Trapa (San Xulián), camiño San Cidre-Buxán.
- **Melide:** pavimentación en Folladela, pavimentación da Rúa Martagóna.



A delegada da Xunta visitou as obras realizadas en Toques

Roval

JOYERÍA



19 de Marzo
Día do Pai





Colección 2015
Primeira Comunión

Máis de 30 anos conseguindo a confianza dos nosos clientes !!

- **Xoiería en ouro, prata e aceiro.**
- **Confíanos as túas reparacións de xoiería e relojería.**
- **Trofeos e placas conmemorativas.**
- **Todo tipo de gravacións.**

Sabías que...?

O "ouro branco" non é branco como tal, senón unha aleación (mestura) de OURO AMARELO e outros metais, fundamentalmente PALADIO, pero tamén prata fina e cobre. O paladio é precisamente o que lle confire esa cor; o aspecto grisáceo final da xoia é por unha capa de RODIO exterior. Cando se deteriora o rodio, é convinte "rodinar" de novo a peza para que recupere o seu aspecto orixinal.

Tfno.: 981 50 54 31 • joseroval@mundo-r.com • Rúa Alexandre Bóveda, 12 • 15800 MELIDE (A Coruña)




CAFETERÍA - PIZZERÍA

Telf. 981 50 79 06

Avda de Lugo, 25
MELIDE (A Coruña)





JAVIER LÓPEZ LÓPEZ

ENXEÑEIRO TÉCNICO AGRÍCOLA - Colexiado 1049
peritosmelide.blogspot.com.es

- Medición de terreos	- Partición de herdanzas (partixas)	- Fotos antigas do Catastro de Melide
- Catastro	- Informes periciais e valoracións	- Concentración parcelaria
- Segregacións e agrupacións	- Proxectos agrícolas	- Legalización de pozos, traídas de auga, etc...
- Imposto de sucesións		

Tfno./ Fax: 981 50 54 82 - Móbil 639 82 00 24 - E-mail: peritosmelide@gmail.com
Rúa Xosé Ramón Fdz. Castro, 14 - 15.800 MELIDE (A Coruña)



Abrimos los sábados por la mañana

*Multiópticas Tábor
Ronda da Coruña, 20 Bajo
15800 Melide - A Coruña
Tlfn.: 981 50 51 99*

***Multiópticas y
Microaudio***

Douscentos actores de 5 concellos actuarán no Festival de teatro do IES

A semente do teatro prendeu hai moito tempo no IES de Melide. Tras décadas de interpretación baixo o teito das aulas e varias xeracións de actores, agroma agora en forma dun novo proxecto que pretende ser exemplo de integración e participación interxeneracional.

Trátase do I Festival de Teatro Escolar de Melide que, baixo a organización do IES da vila, traerá o próximo sábado 14 de marzo ao escenario da Casa da Cultura a 203 actores e actrices con idades comprendidas entre os 3 e os 65 anos. A idea é “que se implique toda a comunidade educativa” e tamén facer valer “a capacidade de ensamblaxe, interacción e integración absoluta” que ten o teatro. Explícao Alfonso García, impulsor do festival e director de Teiroa Teatro, a aula de interpre-

tación do IES.

Con ese obxectivo, o festival dará tamén cabida a persoas con capacidades reducidas e unirá sobre as táboas, para representar conxuntamente dúas obras, a actores e actrices de cinco localidades diferentes: Melide, Palas de Rei, Touro, A Estrada e Laxe.

Teatro a ceo aberto

Será toda unha tarde dedicada á arte escénica. A programación comezará ás 16:00 coa obra *Brincos de fantasía*, a cargo das escolas municipais de teatro de Palas de Rei e Laxe máis da aula de teatro do C.P.I. de Touro.

Ao remate, o espazo escénico mudará por completo e a aldea de Furelos converterase nun escenario ao aire libre que acollerá unha ruta teatral e musical con saída ás 18:00



Alfonso García, impulsor do festival, coa alcaldesa de Melide e alumnas do IES

de diante da igrexa. “Quere-
mos afondar no teatro antro-
polóxico e facer algo vistoso e
dinámico que permita inter-
cambiar experiencias”, detalla
Alfonso García. Como peche
de xornada, as aulas de
teatro dos IES de Melide e

da Estrada interpretarán *Gorentosadas*, obra que xa foi
presentada no Teatro Princi-
pal de Ourense e que visitará
tamén cidades como Alcalá
de Henares, Sagunto, Cuenca
ou Valencia.

Na organización do I Fes-

tival de Teatro Escolar tamén
colaboran o Concello de Me-
lide, a Deputación da Coruña,
a Asociación Cultural e Musi-
cal Herba Grileira, a Aso-
ciación Galega do Xogo Popu-
lar e Tradicional e Metátese
Teatro.

COMEZA A FUNCIÓN!
Cada da Cultura de Melide. Sábado, 14

- * 16:00 - BRINCOS DE FANTASÍA**
Aula de Teatro do C.P.I. de Touro
Escola Municipal de Teatro de Laxe
Obradoiro Municipal de Teatro de Palas de Rei
- * 18:00 - Ruta teatral e musical pola aldea de Furelos**
(saída dende a igrexa)
- * 20:00 - GORENTOSADAS**
Aula de Teatro do I.E.S da Estrada, “Avelaíñas Teatro”
Aula de Teatro do I.E.S. de Melide, “Teiroa Teatro”



Rebeca, Lidia, Alba e Belén, actrices do grupo de teatro do IES de Melide, foron as encargadas de presentar o I Festival de Teatro Escolar

ERUOM viños

XAN GARCÍA MONTERO, comercial
Móbil:678 543 240

Polígono Industrial do Tambre
Vía Galileo,9
15890 SANTIAGO DE COMPOSTELA
www.eruom.com

Tel. 981 519 999
Fax. 981 519 191
comercial@eruom.com

D.O. Ca. Rioja Allende Muga Obalo Arnegui Azpilicueta Rioja Bordón Ramón Bilbao Marqués de Terán Marqués de Riscal D.O. Ribera del Duero Tarsus PradoRey Cruz de Alba Condado de Oriza Dominio de Atauta Pago de los Capellanes D.O. Rueda Naia Monteblanco D.O. Ribeiro Viña Costeira	D.O. Vinos de Madrid Tagonius D.O. Somontano Pirineos D.O. Bierzo Dominio de Tares Vinos del mundo Argentina, Australia, Chile D.O. Navarra Castillo de Javier Palacio de la Vega D.O. Bierzo Dominio de Tares D.O. Toro Fariña V.T. Castilla y León Dominio DosTares Viñas del Cénit	V.T. Castilla Mano a Mano & Venta La Ossa Pago del Vicario D.O. Rías Baixas Nora Lusco Veigadares Terra D´Ouro Viña Sobreira Mar de Frades Señorío de Sobral D.O. Valdeorras Galgueira D.O. Ribeira Sacra Pincelo & 1985 Champagne Perrier Jouët Aceite ArteOliva Agua Solán de Cabras
---	--	--

A Xunta reconece o mérito de seis melidenses campións de España

Son “un espello para as xeracións máis novas” e contribúen cos seus éxitos “ao desenvolvemento do país”. Por razóns coma esta a Xunta de Galicia, e máis concretamente a Secretaría Xeral para o Deporte, quixo ter un recoñecemento especial cos 105 deportistas da provincia da Coruña que se proclamaron campións de España en 2013 e 2014 nas categorías absoluta ou previa á absoluta.

Na homenaxe, que se celebrou o pasado 27 de febreiro no Centro Cívico dos Mallos, na Coruña, estiveron tamén presentes seis deportistas melidenses que conseguiron chegar ao máis alto do podio nas súas respectivas categorías: Jesús Ferreiro e Javier Anido (automobilismo), Bruno Agra (loita olímpica), Xandre Freire (loita grecorromana), Bruno Martínez (loita sambo) e Cora Ayude (kick boxing) que, coa prata conseguida tamén en loita olímpica, convértese na única deportista de Galicia en categoría absoluta que logrou medalla nacional en dous deportes diferentes.

Nos últimos dous anos proclamáronse campións de España 270 deportistas galegos.



Javier Anido e Jesús Ferreiro con representantes da Xunta



Os galardoados de Escuela Ayude trala entrega de diplomas

Aberto o prazo de inscrición do Open de Pádel no Camiño



Del Río e Viqueira, campións do Open celebrado en 2014

A Asociación Deportiva Cerne está a traballar na organización do II Open de Pádel no Camiño, que se celebrará no Pazo de Congresos de Melide entre os días 28 de marzo e 4 de abril.

No campionato poderán participar ata un máximo de 46 parellas distribuídas en tres categorías: masculina (26), feminina (8) e júnior (12). Nesta última os equipos, formados por persoas entre 10 e 15 anos, poderán ser mixtos. A inscrición custa 20 euros por parella (10 na categoría júnior) e poderá realizarse ata

o 24 de marzo a través do blog www.opencamino.blogspot.com onde se poderá descargar o formulario de inscrición, que posteriormente haberá que enviar debidamente cumprimentado á dirección de correo adcerne@gmail.com.

Os partidos disputaranse ao mellor de tres sets. O día 3 de abril xogaranse os oitavos e os cuartos de final. O día 4, a partir das 10 da mañá, disputaranse as semifinais e as finais de todas as categorías. Haberá premios para os campións e os subcampións e agasallos para todos os participantes.

Gala benéfica do Combo Dominicano

A orquestra Como Dominicano ofrecerá un concerto solidario no Pazo de Congresos de Melide o próximo 21 de maio co obxectivo de recadar alimentos para as persoas máis necesitadas. A iniciativa, organizada pola Asociación de Hostalería Melide Móvese en colaboración co Concello de Melide, Cáritas parroquial e a Fundación Amigos de Galicia, chegará á vila baixo o nome de *Gala musical benéfica Combo Solidario*.

A actuación comezará ás 22:00 horas e as persoas interesadas en asistir deberán facer entrega dunha bolsa de alimentos, preferiblemente aceite e leite, para poder acceder ao recinto. Co evento tamén poden colaborar todas as casas comerciais que o desexen. Os produtos doados polo público



Presentación da gala na Cidade da Cultura, en Compostela

serán xestionados pola Fundación Amigos de Galicia e por Cáritas de Melide.

Esta é a segunda vez que a orquestra canaria Combo Dominicano, unha das de maior éxito do momento, participa nunha iniciativa destas características. A primeira foi en maio do ano pasado na localidade xalleira de Santa Comba, onde conseguiu reunir a miles de persoas na explanada do recinto feiral.

ticipa nunha iniciativa destas características. A primeira foi en maio do ano pasado na localidade xalleira de Santa Comba, onde conseguiu reunir a miles de persoas na explanada do recinto feiral.

Premio Xantar Gourmet



Manuel Garea en Xantar elaborando o seu prato ante o xurado

O cociñeiro Manuel Ángel Garea, veciño de Melide, alzou por segundo ano consecutivo o primeiro premio do Concurso de Cociña Xantar Gourmet, que se celebra no marco do salón gastronómico internacional de Ourense. O seu prato, *Trufa de Mar*, conquistou aos membros do xurado, que lle outorgaron unha nota de 98 puntos sobre 100 e o elixiron campión por unanimidade. A receita estaba elaborada a base de vieiras, bonito, algas e grelos.

Lanzan unha campaña para fomentar o uso do galego na movida melidense



Xaquín Vázquez, Santos López, Valentín García, Ánxeles Vázquez, Alberto Buján, Loli Gómez e Benito Nebriil

A movida melidense pode presumir de moitas cousas: de ser variada, multitudinaria, sa e a máis coñecida en toda Galicia. A partir de agora presumirá de algo máis: de idioma, o galego, e farao a través dunha campaña de normalización da lingua posta en marcha pola Asociación de Hostalería “Melide Móvese” e o Concello en colaboración coa Secretaría Xeral de Política Lingüística.

Baixo o lema “*Seducer en Galego. Goza de Melide*”, a campaña ten por finalidade prestixiar o idioma propio entre a mocidade que acode cada fin de semana á vila para gozar do seu ambiente nocturno. Con ese obxectivo, distribuiranse 4.000 carteis co lema da campaña por 17 concellos de tres provincias. Tamén se imprimiron 5.000 dípticos en galego para dar a coñecer as

rutas de autobuses que puxo en marcha a asociación de hostaleiros para transportar aos mozos e mozas. Ademais, graváronse espazos publicitarios para emitir en diferentes emisoras de radio.

Por outra banda, Melide Móvese adquiriu o compromiso de empregar o galego en toda a súa documentación interna e externa, sobre todo na publicidade.

Xurxo Souto trae a Melide os contos do mar de Irlanda



Fito, de Cume do Avia, Xurxo Souto e Antom Laia

Xurxo Souto, artista poliédrico e multidisciplinar onde os haxa, trouxo o vento mareiro ás terras da montaña para romper “a barreira de silencio” se separa a costa do interior galego. E fíxoo presentando o seu último libro, “*Contos do mar de Irlanda*”, un éxito editorial que recolle e recompila “ese prodixioso saber gremial vedado a terrícolas e terrícolas”; as historias vividas por vellos e novos no porto de Amberes ou á beira de Cape Town. Contos de mariñeiros. E por iso de conxugar o diferente, no acto, organizado por Casa Alongos, presentouse tamén o viño Cume do Avia, un ribeiro D.O. de viticultura ecolóxica feito por unha cooperativa dedicada á recuperación de uvas autóctonas.

A festa single de Melide volve ser a máis numerosa das feitas en Galicia

Un ano máis a Festa Single de Melide superou as expectativas. Preto de 100 persoas chegadas das catro provincias galegas asistiron á cuarta edición deste evento no que se xuntan persoas solteiras, separadas e divorciadas para coñecérense entre si e pasar unhas horas de diversión.

Coa Pulpería Ezequiel como punto de reunión, e ao igual ca en edicións anteriores, a festa contou cunha alta afluencia de público: “non sei exactamente por que, pero Melide gusta moito”, asegura Manuel Vázquez, organizador do evento, membro da páxina Stilo Single Galicia e coñecedor de que non hai ningunha outra festa destas características que supere á de Melide en número de asistentes: “hai moitas que non pasan dos 40 e algunha ata a tiveron que cancelar por falta de partici-



Os asistentes charlaron animadamente no transcurso da cea

pación”, explica.

Quizais parte do segredo estea no complemento da movida e nos regalos que recibiron os asistentes: queixos, viños, licores, camisetas, tortas, melindres... todo por xentileza dalgúns establecementos

comerciais da vila aos que a organización lles quere agradecer a súa colaboración, ademais de ao Concello de Melide: Pulpería Ezequiel, Bodegas Mejuto, Lácteos Terra de Melide, Casa Juanito e Muxica Tenda Xoven.

IV CONCURSO DE CARTEIS

XXIV Festa do Melindre e da Repostaría Tradicional da Terra de Melide

TEMATICA: o melindre e a repostaría tradicional da Terra de Melide

PRazo de presentación: do 10 de maio ao 10 de outubro de 2015

XXIV Festa do Melindre e da Repostaría Tradicional da Terra de Melide

PREMIOS:

1º PREMIO: 500 € e lote de produtos da repostaría tradicional da Terra de Melide

2º PREMIO: cestas de produtos para 2 persoas na balneario Río Barba e lote de produtos da repostaría tradicional da Terra de Melide

3º PREMIO: Lote de produtos da repostaría tradicional da Terra de Melide

As bases do concurso pódense consultar na páxina web do Concello de Melide, no perfil de Facebook FestaDoMelindre ou directamente no departamento de cultura.

Máis premios e menos disfraces nun martes de Entroido multitudinario

Anda o Entroido de Melide medido en contradicións: cantos máis altos son os premios que se conceden no concurso, menor é o número de grupos que se presentan e canta máis xente acode ao Pazo de Congressos, menos disfraces se ven.

Así foi a fotografía xeral do Carnaval 2015 na vila, ao que o goberno local quixo dar un empurrón incrementando notablemente a contía dos premios que se entregan na gala-concurso que todos os martes de Entroido pecha o programa de actividades. Foi así que este ano se repartiron entre todas as categorías un total de 2.650 euros, fronte aos 2.000 que se viñan entregando en anos anteriores.

Lonxe de conseguir o efecto pretendido, o número de concursantes descendeu. Entre comparsas, grupos, parellas e disfraces individuais, desfilaron pola pasarela do Pazo de Congressos 13 participantes, tres menos que na edición anterior. Destaca tamén o feito de que non houbo concursantes de fóra da comarca en ningunha categoría. O descenso é máis significativo se se compara con anos anteriores: en 2012 participaron 26 grupos, cifra similar á de 2013.

Con todo, o concurso de disfraces pechou coa satisfacción de ter congregado a centos de persoas no Pazo de Congressos, na que foi unha das edicións máis multitudinarias. Comparsas como o Imperio Chino de Charamela, a recreación de Stars Wars da xente de Visantoña ou a Feiranpa do Colexio nº 3, que sumaron 156 participantes, foron as que máis expectación xeraron.



O imperio chino, de Charamela, primeiro premio de comparsas



O retorno do imperio, de Visantoña, segundo premio de comparsas



Transformers, de Toques, primeiro premio na categoría de grupos



Primeiro premio parellas



Doces de Melide, do Centro Ocupacional, segundo premio de grupos

RAJOY SAE QUEIMADO DAS COPLAS DE PARRADO

O Entroido non só é tempo de disfraces e filloas. Tamén da verba mordaz, da lingua afiada e da retransa sen límite. Sábeo ben a Asociación Cultural Curuxás, que cada ano lle pon o punto final ao carnaval melidense coa tradicional lectura de coplas na Praza das Coles e posterior queima do meco, encarnado desta volta na figura de Mariano Rajoy.

Presentouno Amiguete dende o balcón do Bar Cire ante as ducias de persoas que se congregaron no lugar para botar unhas risas coa sátira en clave local: *“aí tedes a Rajoy, leva cara de contento, pero ademais dos cartóns, leva a procesión por dentro. Di que a crise xa pasou, aínda que España deba unha chea de millóns. E será casualidade que coincida a melloría con que este ano hai eleccións en todas as categorías?”*

E así foi como se entrou de cheo nos temas estrela de todo bo pregón de Entroido que se prece: a política, a actualidade local e, neste ano de comicios, tamén as eleccións: *“as primeiras que nos veñen son as municipais, aquí esperamos o de sempre porque todo segue igual. Segue igual o ambulatorio, ás rúas quítanlle as luces, segue habendo amiguismo e atasco hai nos cruces. Moitas cousas van igual, pero outras van peor: naceron acantilados na Rúa San Antón. Por cartos seica non é, confirmárono un día, pois entón debe ser cuestión de cabezonería”*.

Seguindo no mesmo fío, colleu o relevo un mestre da palabra aceda feita copla; Manolo Parrado: *“Que diremos do Concello? Que o Concello non fai nada, máis na Rúa San Antón cada día hai máis fochancas. Xa che fixeron protestas, por escrito e por palabra, non sei se os viu unha meigha, aínda non serviron para nada. Tamén aló onda a feira está ben aburatada, mais onde montan o circo quedouche moi arreghlada”*.



Como testemuña de excepción, parte do goberno local, que por primeira vez dende que colleu o bastón de mando acudiu á queima do meco. E non foi a única que tiveron que escoitar: *“ten a Praza do Convento movemento e alegría, ao pasar os peregrinos danlle as ratas os bos días. Veu o inverno ben fodido e faiche frío nas casas, mais o prezo de queentalas éche un ollo da cara. Pero iso os populares soluciónano nun plis, repartíndolle á xente medias e calcetís”*.

Da queima simbólica non se salvou tampouco a Casa de Alba, a corrupción, a precariedade laboral, o ascenso de Podemos nin o anterior rei e as súas cuestións de paternidade: *“se che vivía en palacio o que lle din O Primeiro, que necesidade tiña de facelo no palleiro? Non imos dicir máis nada, tampouco me volvo atrás, que logo din as malas linguas que é pai do Nicolás. Sempre lle gustou correr, tanto en mar coma en terrestre. Estou seguro que o fallo había estar no ABS. Non sei se foi o ABS ou o freno fixo ras, había ser por larpeiro, non meteu a marcha atrás”*.

E a despedida: *“ata o ano compañeiros, que estades ata o carallo. sempre digo que non dou feito, despois non dou rematado. A ver para o ano que vén de que falamos aquí, falaremos dos que mandan, a ver se mo escoitas ti”*.



QUINCENA DO COCIDO CON GRELOS: 15 €

Aberto todos os días

Hospedaxe

Menú do día

Grellada de peixe e mariscos

Banquetes e comidas para grupos

ENCARGA SALPICÓN PARA AS TÚAS FESTAS

Todos los viernes,
MINITOSTAS

Teléfono:
881 95 70 74



GARCEIRAS
JAMONERÍA & CAFETERÍA

C/Gaiteiros Os Garceiras nº 1, Melide (A Coruña)



'Para
tomar
e levar'

**CASA
alongs**

Tfno./Fax:

**981
506
392**

Tfno. móbiles

**619 686
229 312
334 851**



Chiquitín


A parada no teu Camiño

- * Almorzos
- * Menú do día
- * Especialidade en pulpo e carnes galegas
- * Habitacións
- * Terrazas

Tfno.: 981 815 333 - Fax.: 981 507 560

Rúa San Antón, 18 - 15800 MELIDE

www.chiquitinmelide.es - info@chiquitinmelide.es



**MESÓN
O TOXO**

Tfno.: 600 047 773 - Codeseira, 45 - 15800 MELIDE (A Coruña)

Garnacha

Pulpería

CAMIÑO VELLO DE SANTIAGO 2 - MELIDE - A CORUÑA
TEL: 981 507 347 / 605 88 32 68
garnachamelide@gmail.com

RESTAURANTE **PILMAR**
PARRILLADA

- DESAYUNO • MENU
- COMIDAS PARA GRUPOS
- ESPECIALIDAD EN CARNES AL A BRASA



Santa Maria, s/n.
15800 MELIDE (A Coruña)

Tfno.: 981 50 76 17
606 59 04 46

Troiteiros e outros mentireiros

Xavier Pazo Blanco,
Asoc. de Troiteiros “Río Furelos”

O pescador de cana, e en especial o de río, serviu durante moito tempo como paradigma dun tipo de paciencia ao que podíamos adxectivar como estéril e nada pragmático. Os chistes gráficos, carteis e máis as películas –sobre de todo as que aínda estaban en branco e negro- proporcionábanos a imaxe tópica do individuo resignado pero perseverante que agarda, certo que con non moita convicción, a pouco probable mordedela dalgún despistado peixe disposto a matar a fame coa pobre miñoca presa no anzol desde había xa unha eternidade.

Non tiñan, os pescadores de río, demasiada boa sona no referido á súa capacidade de esforzo e dedicación aos labores que lles cumpría para mirar pola facenda propia e a prosperidade da casa, reputación da que tamén participaban aqueles que eran afeccionados ás prácticas venatorias. Alguén deixaba caer aquilo de “cazador e troiteiro, nin boa meda nin bo palleiro”, “cazadores e troiteiros, todos mentireiros”, e de nada valía que outro pretendese argumentar algo en contra; a sentencia soaba sempre tan tallante que non admitía discusión e se había alí quen se puidese dar por aludido máis lle valía calar a boca e baixar a cabeza con modesto asentimento.

Pero hoxe as cousas mu-

daron bastante en todos os aspectos e a pesca é moito máis dinámica e precisa de coñecementos e materiais que nada teñen que ver coa vella imaxe do home do pucho de palla e a canaveira de bambú que deixaba pasar as horas posto no mesmo lugar, presos os ollos nas ondas que a auga do río debuxa e instalado nunha especie de “laissez faire” fatalista que tarde ou cedo acabaría por lle dar algún resultado e que, polo que se ve, está agora a ser principal compoñente da táctica a seguir por algúns comodamente instalados na sala de espera VIP das beiras do río.

Nun dos gags máis utilizados polos autores de chistes gráficos, o único que o pescador lograba atrapar no seu anzol despois de todo aquel tempo de espera era unha lata de conservas enferruxada ou un vello zapato descomposto. Certo é que o debuxante non nos deixaba quedar especialmente ben no tocante a cultura ecolóxica, pero non creo que se mellorase demasiado neste aspecto, polo que ningún está libre de que algo así lle suceda a el.

Claro que, na maioría dos casos, é moi probable que estea convencido de que, de ser así de mala a pesca, a lata será sempre de caviar iraniano ou ruso e os zapatos ingleses e feitos a man... Boa tempada de pesca...



Galipedia, a Wikipedia en Galego!

Rafael Rodríguez Gaios, enxeñeiro informático



A Wikipedia é un proxecto de enciclopedia con contido libre, aberto e dispoñible en diferentes idiomas, entres os cales se atopa o Galego. A Wikipedia contén unha enorme cantidade de información sobre os máis variados temas do coñecemento humano, que é continuamente actualizada grazas á colaboración dos seus lectores. Podemos pensar na Wikipedia como unha páxina web que contén dous tipos de páxinas: os artigos, ou sexa, as páxinas que forman a enciclopedia en si, e as páxinas da comunidade, que serven para coordinar o traballo que se fai nas anteriores.

Ao ser un wiki, significa que calquera usuario/a se pode converter en editor, e mellorar un artigo existente, ou crear un novo. Na versión galega da Wikipedia, que naceu o 8 de marzo de 2003, existen un total de 120.356 artigos.

Para poder colaborar na Galipedia é preciso coñecer os principios fundamentais que a rexen e que debe seguir calquera colaborador:

1.- Todo contido incluído debe ser verificable a través da achega de fontes. Non se admiten teorías non demostradas.

2.- A redacción dos artigos farase desde un punto de vista neutral. Non se admiten as opinións dos editores.

3.- Tódalas achegas son liberadas baixo unha licenza Creative Commons, asegurando que os contidos se poden distribuír libremente.

4.- Hai que ser respectuoso co resto de colaboradores, seguir os principios anteriores e utilizar sempre o sentido común.

A maiores da Galipedia existen outros proxectos irmáns, como por exemplo: o Galizionario, que conta con 42.776 entradas de vocabulario do noso idioma; Galilibros, que recolle un total de 945 libros participativos en Galego; ou Commons, que é unha base de datos con millóns de ficheiros multimedia de uso libre.

En resumo, un modo sinxelo de comezar a axudar é usar a Galipedia como unha enciclopedia normal, coa diferenza de que se atopamos un erro ou un parágrafo pouco claro, só hai que premer en «Editar» para corrixilo.

<http://gl.wikipedia.org>

Poñer en valor o Camiño de Santiago

Xosé Núñez López, escritor

No mes de decembro do pasado ano 2014 celebrouse en Villafranca del Bierzo (León) o II Foro Internacional sobre o Camiño, ao que asistiron máis de cen representantes de doce nacións, entre elas España.

Os principais temas a tratar foron o suposto abandono do Camiño, a masificación, a comercialización e a banalización desta ruta milenaria; unhas circunstancias que poderían poñelo en grave perigo. Desá reunión, que estivo presidida pola profesora italiana Carmen Pluguiese, saíu un manifesto no que ditas circunstancias se declaraban negativas para o mantemento en boa

forma do Camiño de Santiago.

Pola miña parte, estou en desacordo con que a masificación de peregrinos sexa un perigo para o Camiño. A historia dinos que hai xustamente 800 anos, en 1214, San Francisco de Asís recorreu España e fixo o Camiño de Santiago entre multitude de peregrinos. Se por entón xa había moitos camiñantes e non pasou nada que o fixese perigar, por que ten que pasar agora, 800 anos despois? Non será que a profesora italiana quere “varrer para a casa” e prefere que vaian máis romeiros a Roma ca peregrinos a Compostela?

Se cadra, pensando algo

parecido ao que penso eu e só catro días despois de que rematase o citado foro internacional, un grupo de deputados e senadores formaron unha nova asociación do Camiño que ten como obxectivo constituír un órgano para poñer en valor a ruta xacobeá, que é Itinerario Cultural Europeo dende 1987, Patrimonio Mundial da Humanidade dende 1993 e Premio Príncipe de Asturias da Concordia.

Así pois, deputados e senadores de todas as comunidades autónomas e de todos os partidos políticos constituíron o 18 de febreiro a chamada Asociación Parlamentaria de Amigos del Camino de Santiago.

RUT GALLEGO GONZÁLEZ, SISUKA

“Agora tamén vendemos roupa infantil para nenos e nenas entre 2 e 12 anos”

O negocio de Rut Gallego é deses que están en constante evolución, unha consecuencia directa do carácter emprendedor e pertinaz de quen o xestiona. Por iso en dous anos e medio Sisuka abriu tamén as súas portas en Lalín, creou emprego e converteuse nun exemplo a seguir niso das novas

formas de venda a través das redes sociais. A última novidade é unha apartado de roupa infantil para neno e nena que nace coa mesma vocación da sección de adultos: ofrecerlle ás clientas a posibilidade de mercar a prezos reducidos prendas de calidade “que non se atopan en todas partes”.

- A súa tenda destaca por ter unha grande actividade nas redes sociais. Ata que punto repercute no nivel de vendas?

-Rut Gallego (R.G.): Practicamente o 90% da roupa que traio está no Facebook de Sisuka e a maioría das vendas que teño saen de aí. Vén xente de Palas, de Monterroso e incluso do Carballiño que me coñece grazas ás redes sociais. A repercusión é total e doulle moita importancia. Actualizamos o perfil con moita frecuencia e, de feito, cando chega a mercancía o primeiro que facemos é poñela nas redes sociais. O que me acontece a min é que teño un problema coa situación da tenda; se estivese no centro, se cadra non tería que facer tanto traballo nas redes sociais, pero estou bastante escondida e fago todo o posible para promocionarme por outras vías.

- Pensou en apostar pola venda online?

-R.G.: Xa teño web para a venda online pero estámola modificando. Coa axuda de Mireia, a miña empregada, que ten moita habilidade para esas cousas, imos relanzala en breve. Ese vai ser o próximo paso que deamos. As clientas axiña poderán realizar tamén as súas compras a través de www.sisuka.net.

- Dende que abriu o negocio hai dous anos e medio non deixou de empender. A última novidade é a roupa para cativos...

-R.G.: Si, o último é Sisuka Kids; roupa para neno e nena. Incorporámola en febreiro, que é un mes no que sempre argallo algo (ri). Abarco idades de 2 a 12 anos, aínda que teño algunhas tallas do 1 e tamén do 16. É un estilo de roupa



Mireia (empregada de Sisuka) e Rut (propietaria) na sección de roupa infantil

diferente, que non se pode atopar en todas partes. No caso da roupa de nena, intento ter prendas similares para chica, de xeito que as mamás se poidan vestir igual que as súas fillas. Hoxe en día a roupa infantil deixou de asociarse ao típico vestido repipi e as nenas visten cada vez máis acorde ás modas do momento. As diferenzas entre a roupa infantil e para adultos están desaparecendo.

- Tamén en febreiro fixo un ano que abriu a tenda Sisuka de Lalín. Segue o mesmo esquema que a de Melide?

-R.G.: As dúas tendas son iguais; non hai nada que haxa aquí que non haxa alí tamén, pero as clientas son como o día e a noite. O que se vende en Melide non se vende en Lalín

e ao revés. Os gustos non teñen nada que ver e iso ao principio foi algo desconcertante...

- Semella que o negocio vai bastante ben. Cal é a clave do éxito?

-R.G.: Non é que vaia vento en popa, pero non nos podemos queixar. A clave? Prezos económicos: vender o máis barato posible, porque hoxe en día o cliente intenta aforrar ao máximo. Sacrificamos a marxe de ganancia en cada prenda pero vendemos máis. Tamén é importante ter á clienta contenta para que siga vindo unha e outra vez. Se entra e non volve máis... xa che está dando algo a entender.

- Que medos tiña cando abriu a tenda?

-R.G.: Pois que non se vendera por mor das grandes

empresas como Inditex. Competir con elas é imposible e unha vez que abriu o centro comercial das Cancelas tiven máis medo aínda. Fun saíndo adiante, vendendo pouco a pouco e gardando das risas para as choras. Non é doado: había meses nos que quedaba libre e outros meses nos que había que coller do que estaba gardado. Durante máis dun ano estiven sen soldo... pero o que algo quere, algo lle costa.

- Nese tempo non se lle pasou pola cabeza tirar a toalla?

-R.G.: Non. Cando abres un negocio, ábrelo con tanta ilusión que non che importa renunciar a ir ao cine ou a saír de cea. Sempre tiven a esperanza de que a tenda saíse adiante e afortunadamente así foi.

“Case toda a roupa que traio está no Facebook de Sisuka e boa parte das vendas saen de aí”

“Procuro vender o máis barato posible porque o cliente de hoxe intenta aforrar ao máximo”

- Dende que abriu, cambiou a filosofía de Sisuka?

-R.G.: Si. Cando empezas non sabes moi ben onde hai que comprar... co paso do tempo aprendes, buscas sitios... Ao principio mercaba por internet, pero é unha loucura. Resulta cómodo pero ás veces nada é o que parece. Agora métome o palizón cada semana ou cada quince días e saio a mercar a Madrid, Barcelona e Portugal. Toco a prenda e vendo calidade ao mesmo prezo de antes. Iso tamén me permite renovar constantemente a mercancía para que as clientas atopen roupa diferente cada pouco tempo.

Sisuka

**Tlf: 881975862
R/ Taboada Roca, 4**

VAI UNHA DE ENTROIDEIROS!

